

A LUZ QUE NACE DA TERRA

AUTOR: JUAN MANUEL PÉREZ ÁLVAREZ

O CRUCEIRO

No cruceiro dun camiño
Que agora forma unha estrada
Pareime de vagariño
A repousar da xornada.

Estaba mirando o Cristo
Na cruz que a pedra mostraba.
Detiven a mente nisto
Por ver qué significaba.

Entón unha fala oín
Que do interior me dicía:
“Esta é a fe que todos din
Que deste pobo saía.

Esta pedra foi labrada
Polo pobo en cada liña,
Agora foi elevada
E en luz eterna camiña.

Esta cruz saíu da terra
De xeracións que a fixéron,
Que o corpo fan, morta a guerra,
Do home que na cruz puxeron.

¿Entendes isto?”. Non sei
Respondín, “do que me falas.
Nin cruz nin guerra atopei,
Nin luz que a esta terra igualas”.

“Coa terra o pobo esculpiu
A imaxe da redención,
Porque a verdade se abriu
Na luz do seu corazón.

A luz que da terra nace
É o amor que vence á morte,
Por iso da cruz renace
O pobo que é pedra forte.

Pois o tempo á fin conquista
Á primeira eternidade,
E desde o interior se avista
A gloria da humanidade.

Ti, poeta, escribe e canta
Do teu pobo redimido,
Da tiranía que o espanta
Xa que este é o seu sentido.

“Mais eu sei que a tiranía
Aínda non terminou”,
Respondín, “Canta a alegría”,
Dixeron, “que xerminou”.

“Canta da xente sinxela
Que da terra fai o ceo,
Cómo caeu a corruptela
Rompendo o escuro veo.

Ti tamén eres do pobo
Con él serás elevado
Á luz dun destino novo
Para vivir liberado.

Canta a luz que desta terra
Nace para non morrer,
Quen ó pobo fixo guerra
Vai a desaparecer”.

Eu ó pé deste cruceiro
Xurei que así o faría,
E cumprín coma o gaiteiro
Que tocou con alegría.

A TERRA ESCURA

HISTORIA DUN POBO

Eu quero cantar agora
Coa voz que me deu a espera,
A historia dos que sin voz
Camiñaron entre a néboa.

Emigrantes que saíron
Dun recuncho dunha aldea,
Xentes a flor sementados

E espallados sen fronteira.

Cando a fame repartía
Os abusos da miseria
Duns caciques que exprimían
As uvas da verde eira,

E aos humildes labregos
Sustentadores da terra,
Negábanlle a herdanza libre
Do pan, do sol e da letra,

Eu quero cantar agora
A viaxe dos que fixeran
Por un mundo máis humano
Camiños de moitas leguas,

Sen nada, máis que fe e soños,
Con lágrimas e tristezas
Un éxodo que as raíces
Do seu ser estremeceran,

Coa fame de embaixadora,
Coa ignorancia de cadea,
Pobres fillos de este mundo,
Sen voz, ¡que Deus os protexa!,

Pobres viúvas, pobres orfos,
Pobres enfermos que houberan
De curar de amor feridas
Que os abusos lles fixeran,

Pobre xente labradora,
Pobre xente mariñeira,
Escrava de sede avara
Dos que rixen, dos que imperan,

¿Cómo saíron do cepo
Do sangue que hai nas bandeiras?
O espírito foi poderoso,
O universo foi poeta,

En liberar ós cativos
Perdidos na noite negra,
Agora se visen o mundo,
Tal vez non o coñeceran,

Porque hai un mundo distinto
Das obras que eles fixeran,
E son camiños de luz

Os que antes eran de tebra.

O LABREGO

Baixo un sol de moitas bágoas
Está un home abrindo o sulco co seu sangue na terra,
Co calzado roto polos invernos
E o corazón doente polas penas.
Na casa do cacique hai pan de abondo,
nacido das entrañas da pobreza,
asasinos que pesan coa balanza
a vida dos inocentes nas eiras.

O labrego está so, está agardando
- mentras a súa Muller apila a leña-
Que a estación que fai verdecer os campos
Deixe a chuvia caer que o millo medra.
O cacique mirou con codicia os abismos
Nos que caeu o amor da sementeira
Está atento ós movementos do pobre
Con sixilo vixía pola fiestra.

Na casa do labrego esperan nenos,
Tremendo polos pais, ó extremo da lareira,
Están enfermos, entran polos buratos
bocanadas de aire que o corpo xean.
Ninguén ten compaixón do labrego
Que chega a casa suando sen pan e sen terra,
Todo pertence ós tributos daquel home
Que acumula saqueos para a guerra.
Todos están con él, os pobres teñen
As oracións por consolo, a noite por sementeira,
-Mañá vira a alborada
Da xusticia que os homes negan-
Por un futuro digno deron a súa vida,
Que a verdade os protexa.

O MARIÑEIRO

Xa pasou o medio ano.

O mariñeiro está no mar.

Non saben del na súa vila,
Non sabe el se ha de voltar.

No buque que entrou na néboa
Foise o mariñeiro a embarcar,

O peixe pagará a súa débeda
Se consegue retornar.

No gran sol un barco é unha agulla.
A fe no amor que se ha de cumprir,
Salve a este home no abismo
No que entrou para vivir.

A CASA DO CACIQUE

Na casa do cacique hay un rebumbio
De festa, todo rico está invitado.
A casa do cacique é o estado
E os pobres a comida da súa mesa.
Todos levan á présa
Os seus bens e tributos a un malvado
E mentres, renegado,
O labrego baixa a súa cabeza
E mostra as súas feridas
Ós que esgrimiron armas homicidas.
A casa do cacique está nun alto
E dende a súa altura vese o pobo
Embaixo, na sombra de toda inxuria.
A equidade, espuria,
Laméntase no cantar dun Romeiro,
E aínda que o cantar é verdaeiro
Todos son xordos á súa chamada
Porque a casa do cacique é sagrada.
A ciencia está con él, e a ignorancia
É a súa fortuna na abundancia,
A ignorancia é a lei
E o imposto pola forza é o seu rei.
Os cordeiros balaron no cortello
Presentindo a matanza do banquete
- eran todos subornos mal gañados-
e vai dicindo un vello
que saíu dun boquete
que os xuíces van con eles concertados.
Pois non hai poderoso
En toda a comarca
Que non partira co cacique a arca
Roubándolle ó inocente o seu repouso.
A casa do cacique está no Olimpo
Donde moran os que non son humanos,
Non porque sexan deuses nun ceo limpo
Senón porque son homes inhumanos.
Todo é deles, un negocio que da escola
Dos pobres fai Tixtla
Para abranguer de impostos os seus vicios

Co sangue de infinitos sacrificios.
Nada deixaron ós que defendían
A súa humilde vida,
Por iso a patria deles foi ferida
Dos que abusando da súa autoridade
Dixeron a mentira por verdade.
Tratáronte a paus, pobre labrego,
En lugar de letras déronche tributos
Dende o alcalde ata o crego
Todos roubaban os teus atributos.
Puxo o cacique as súas orellas
En tódalas canellas,
Puxo o cacique os seus ollos
En tódolos cerrollos,
Pero non dominou o corazón
Da terra que ó seu mal lle deu perdón.
Mais, chegou o vento do tempo novo
O espírito que fai medrar a herba
E derribou a casa do cacique
Coma se non valera un alfeñique.
Os pastores non temeron o lobo
Que viña a devorar as súas ovellas,
Xa non hai que temer ós seus velenos,
E ata co seu blasón xogan os nenos.
Acordáronse ó falar as vellas
Ó vir do rosario
Da letra que oíron no confesionario,
E dixéronlle ós mozos
Na festa da aldea:
“Tal quen constrúe a casa sobre area”.

LETANÍAS DO TEMPO QUE RESOA

Tristes dos que sostidos na inxustiza
Levantaron a Casa do Cacique
Para explotar a pobres e inocentes.
Tristes dos que promoveron as guerras
Para levar á morte á xuventude
E logo avergoñaron a unha patria
De piñeiros e carballos milenarios
Servindo ó imperio que asolou o pobo.
O seu pago ó servizo de Castela
Foron as cadeas para os seus fillos,
Pois o pan que comían non foi seu
Nin a letra que lían foi a súa.
Cando os Galegos encheron o mundo
Como sementes saídas dun froito,
Levaron a ferida do desprezo

Coa auga da vida redimida.
Os que quedaron, esqueceron todo:
A súa lingua, dando a espalda historia,
Ó luso odiando, apreciando ó ibero
Que lles deixou o xugo dos escravos.
Os que marcharon fixeron memoria
Cos recordos da infancia noutro sitio
E construíron unha nova patria
Cos despoños dos cegos opresores.
Así a súa lingua foi recuperada.

Os mares non son máis que os nosos medos
Atravesados e superados
Polos que atrás deixaron o pasado
Vencendo a vana ilusión dun presente
Que non se asemellaba á súa alma.
Así, os Galegos foron emigrantes
E ás catro provincias de Galicia
Sumaron as da terra americana.
De Santiago a Arxentina demostraron
Que hai unha ponte que une as dúas oreas
E tamén os dous mundos e os dous pobos,
A cultura e a lingua e a palabra
Por riba dos abismos que os separan
Como unha luz que borra a escuridade.
Estranxeiros nun país descoñecido
Sembrando a inxustiza que os impulsou
Co canto de Rosalía e Curros
A dividirse por outras paisaxes,
Construíron a patria dende fóra
Liberando a terra da escravitude,
Sementando outras leiras infinitas
No lugar donde se unen as distancias.

Cando a patria dos pinos e carballos
Foi presa de xente de dura estirpe
Que non coñecía as célticas leiras
Polas que discurría suave o río
Como un soño de infancia profanado
Polo imperio das guerras e a codicia,
O bardo recolleu a voz do pobo
E fixo dela un canto de irmandade
Que liberou ós que eran estranxeiros
Na súa propia patria, ós renegados.
Tal dicía o canto que era unha mentira
As cadeas que os ruíns lles impuxeran
E como un veo cubría a verdade
Que resplandecía no fluír do río

De xeracións e xeracións de irmáns
Ó longo da fértil e amada terra
E podía así máis esa verdade
Que a mentira na que entón vivían.
Así a historia o recoñeceu despois
E o canto foi a nosa identidade,
Porque a inxuria non pode ser a lei
E o imperio e só unha nube que pasa
E queda sempre o amor e a liberdade.

Chegou a noite e o pobo
Galego quedou nas tebras,
O tirano fíxose un xigante
E naceu no camiño a flor de Rosalía
Irmá da luz da que nacía.
Chamáronlle terra triste
Á nai dos cantos de amor dos trovadores
Só na saudade tivo refuxio o idioma da terra
Regada co sangue do labrego caído
Avergoñado ata o chan de ser quen era,
Nun mundo no que servo o converteran.
A súa voz foi a voz dos ríos
Que levaron polos mares o sangue do seu pranto
Transformado en esperanza no exilio
Ata facelo o viño dun novo canto
No emigrante dun novo mundo renacido.
A semente máis pequena
Dun imperio de armas e de dogmas
Foi unha árbore que se espallou polo mundo
Coma o canto dun paxaro na noite do silencio.
Ninguén puido calar a súa voz.

Aquela rota expresión
De imaxe perdida nun soño
Que se trazaba nos rasgos do emigrante
Entregado ao descoñecido
Cunha parte de sí mesmo botada ó mar
E unha lembranza de infancia perdida no corazón,
Cadeas que foron ás despois
Coando unha patria nova fundaron as súas mans,
Parto de dor da primeira creación do mundo,
Iluminaron a terra da orixe dende lonxe
Como se un sol nacera de pronto das tebras
Ou unha palabra se escoitara dende as nubes
Para abolir para sempre o lamento dos esquecidos
Por un poder cego de vaidade que negaba a vida
Abríndose camiño a través do espacio e do tempo,
Un despertar da conciencia da terra

Dende o exilio no valeiro da ignorancia
Na que foron sepultados os que non viron o espello
Da patria reflexando a súa alma.
Así a terra venceu coa profundidade das raíces
A un abismo de odio e morte que acabou para sempre.

A fin da tiranía é sempre a morte
Pois o que impón a súa lei violenta
Sobre a lei do pobo e máis da terra
Non ten raíces para perdurar
Coma os que ten a árbore da vida,
Expresión dunha verdade escondida
Anterior ó poder que é só esperanza
De atopala no sinxelo das cousas.
O vento fixo dos campos do labrego
Outro campo de guerra e de avaricia
No que a inocencia foi crucificada
Pero a epidemia deses vanos dogmas
Pasou como pasa a auga do río
E deixounos no corazón un recordo
Para non esquecer que é o respecto
Pola natureza e polo home
O fundamento das nosas accións
E a lingua fixo da incompreensión bandeira
E convertiu a seres libres en servos
Ata que a súa certeza redimiu
Levantándoos do chan para darlles a patria
Na que as palabras son as armas que nos unen.

Cando viron os xendarmes dos labregos
Cómo se alzaba a terra asoballada
Volvendo á vida ermo abandonado
Pola fame e a morte,
Os seus duros uniformes respingaron
Mentres vías de tránsito nacían
Comunicando montes, leiras, ríos
E touzas que só as feras recorreran,
Cando o fillo bastardo espertou
Reclamando o nome de Breogán,
E dende unha tribuna alzou a voz
Soterrada dos fillos do silencio,
Para falar da patria condenada
Ás tebras da ignorancia polos amos,
Recuperou o mundo a súa forma
De árbore expectante e froito edénico.
Buscaron na identidade da palabra
A súa verdade que os volvera libres

Desterrando unha lei que foi mentira,
Os que foran negados nas cadeas
Da servidume e dependencia ó extraño.
Tal foi logo a resurrección do pobo.

Os inimigos tiveron envexa
De ti, Galicia, e dixeron de ti tantas calumnias
Mentres comían da suor dos labregos
Que non era propio dos que eran súbditos
Da moda o chamarse fillos teus.
Bautizáronte a nación atrasada
Que sempre estaba lonxe da xustiza,
Mais non era cristiano ese bautismo,
Porque se non chegaban os adiantos
Da civilización ós teus espazos
Era porque os mesmos que te acusaban
Tiraban contra ti tódalas pedras
E ningunha ó seu teito de cristal
Pagado co traballo da túa xente.
Coma se foras tola te trataron
E pobre e coitada te convencían
De que enterraras a túa verdade
En fonda sepultura de silencio,
Pois os tempos eran sempre dos outros.
Pero quebraches a túa mentira
Feita de prexuízos, e rexurdiches
Como a terra do amor e da lembranza
Que tivo un corazón pra cada un.

A túa vontade de facer camiño
Foi o camiño mesmo,
O espírito emigrante do galego
Igual que o peregrino de Santiago
Ensanchou o horizonte do meniño
Criado na miseria dos señores
Para crecer e acadar as estrelas,
Atopando no pequeno e cercano
Os reflejos do palpitar celeste.
Tal o Romeiro achou no seu destino
O da galaxia na que gravitaba.
A túa vontade de facer camiño
Deixou o mundo no teu corazón
E deixou o teu corazón no mundo.

Se a primavera fai brotar cereixas
Na leira do cacique, e as ofrece
En troco da verdade que é do pobo
Para en lugar de bois xunguir á xente
Á codicia disfrazada de progreso,

Non comades o froito da discordia,
Labrego nin mariñeiro,
Porque campos e mares foron vosos
E hai unha canción que naceu deles
Só traducible para o corazón
Onde se bebe a vida que é de todos
Tan diversa como o vaso que a contén.
Comede as cereixas do voso campo
E bebede as augas das vosas fontes,
E despreciade os froitos do desprezo
Para aqueles que destinaron o frío
Á habitación dos pobres,
Con soidade e silencio por herdanza.
Xa medrarán logo as vosas cereixas
Ata facer esquecer ás súas falsas,
Non teñades medo ós que de ameazas
Cavaron nas súas leiras a súa fin.

Se non fuches quen es, Galicia, foi
Porque te confundiron coa vergonza
De non ser, para que outros sen ti fosen.
Sempre a remota terra do confín
Relegada ó silencio e á ignorancia
Donde elixiu o apóstolo Santiago
Predicar o evanxeo á fin do mundo.
Os teus lamentos a través do mar
Compartido cos navegantes lusos
Que descubriron a Ruta dos Mares,
A un Novo Continente foron cantos
Que encheron de saudade ás túas xentes.
Comarca misteriosa entre as túas néboas,
Nunca afirmache a túa idendidade
De vértice de España. Cos teus ollos
Mirando ao chan seguiches o camiño
Do esquecemento, para non esquecer.

Canta chuvia caeu sobre os teus montes,
Miña terra, e nunca choveu xustiza
Para os que estaban sempre baixo o mando
Do abuso que vestía de uniforme.
Outros tempos cambiaron o teu clima,
E tamén cambiaron os uniformes,
A túa xente acadou a riqueza
Mais a terra quedou abandonada.
Agora vense os barbeitos na eira
E os tractores apenas son contados,
Pois o supermercado de valores
Asumiu a rapiña dos caciques.
Pero o meu pobo ten outras raíces,

Outros valores que están na súa alma,
A cultura común a outras nacións,
A sabedoría da fraternidade.
A palabra do amor xermina sempre
Despois de toda chuvia ou doutro sol,
A voz encarnada nos teus silencios
Escóitase por toda a eternidade.

OS MARXINADOS

Expulsada da familia
Ía María Balteira,
Na súa pena e cruel vixilia
Por ser unha nai solteira.
O pobo todo a maldice
E cuspe no seu camiño.
Só a bondade a bendice
De quen deu o pan e o viño.
Anos despois a inxustiza
Desta muller foi borrada,
Mais outra época cobiza
Outra desta aparellada.
Un home foi divorciado
E perdeu todo o seu ben.
A muller cambiou de estado
Negociando con alguén.
Vive con bens do marido
Á beira doutro, cos fillos,
E isto foi establecido
Polos legais acubillos.
A inxustiza de Xosé
A mesma cá de María,
Pasa pois nosa lei é
Sempre limitada vía.
Pois no tempo escribe o pobo
Os dereitos que vivimos,
E sempre son algo novo
Cando algo novo sentimos.
O que está escrito en papel
Foi antes no corazón
Un latexo íntimo e fiel
Do que saíu o perdón.
Así a inxustiza no mundo
Coa comprensión abolida
Cambiou o pranto profundo
Pola redención da vida.

VIDA E MEMORIA

As túas montañas e vales
Os teus mares e os teus ríos
Levábaos o emigrante
No seu interior escritos
Mais logo doutras nacións
Aprende os novos himnos
Cando servía en casa allea
Renovando os teus camiños.
Oh terra, non és lugar,
Es o recordo máis vivo,
Punto de encontro dos homes,
O silencio e o sentido.
Pois son o espacio e o tempo
Ilusións do percorrido
Ti sempre ficas no centro
Coma o eterno non nacido.
E desde dentro alimentas
A emoción do que está vivo
Máis alá do pasaxeiro
Que é o tempo sempre ido.
Faremos un novo instante
Para o amor recén xurdido
A nova oportunidade
De volver o roto unido.
A historia pretende sempre
O instante definitivo.
Cando firmes os valores
Desterren o sacrificio
De tanto sangue inocente
E conquisten o destino.
Cando se vexa o teu corpo
De homes e mulleres vivos
Cada cal co seu traballo
Medrando ata o infinito.
Será a terra para sempre
Non un lugar, un motivo,
Que nesta nosa incerteza
Labre verdade e camiño.

A DÉBEDA

Fun á feira e viñen dela
Non vendín nin unha ovella,
Veño tódalas mañáns,
Ninguén me quere comprar.
Morréronme dúas vacas
No cortello, sen tocalas.

Este ano non hai pasto
Nin colleita deu o campo.
Non foi deso miña culpa,
Fixen o que se acostuma,
Pero subiron o imposto
E ninguén reserva un ovo.
Ninguén presta de fiado
Nin propio nin arrendado,
¿con qué habemos de pagar
A quen nos ha de mandar?
Señor cobrador, non temos
Para pagar ó goberno,
Él non sabe que as cabezas
Morren cando están enfermas.
¿Por qué nos cobran a terra
Cara sendo donos dela?
Ninguén pensa no labrego,
Señor cobrador, da medo.
Meu irmán foi a Caracas,
Os seus fillos comen papas.
Eu queríame casar
Mais non hai con qué pagar.
Explíquelle ó ministerio,
O labrego tenlle crédito.
Eu sempre fun pagador,
Non está o tempo mellor.
¿Quere vir á miña casa?
Dareille o que falta faga.
¿Quere ver miñas ovellas?
Direille as que están enfermas.
Se eu tivera arado novo
Xiquera, daría todo.
Dígollo, señor, non minto.
Son devoto e bo veciño.
Todo o que teño non vale
A chaqueta do xendarme.
Agarde, señor, agarde,
Prometo ó mes de pagarlle.
Teño un cabrito na corte,
Dous xamóns que van ó pote.
¿Con isto un mes me perdoa?
O ceo lle dé coroa.

O CASTIÑEIRO

Hai un castiñeiro
Nun claro da vila
Ó que can castañas

E no chan se apilan.

Ningúen na cidade
Sabe deste xeito
Que nun pobo existe
O meu castiñeiro.

Mais fun ó mercado
E alí se vendían
Productos de fóra
E os prezos subían.

E nunha morea
De froitas extrañas
Vin que outro vendía
As miñas castañas.

A MEIGA

-Escoitade homes, mulleres e nenos:
Aquí hai unha meiga onda o muiño vello.
A súa leira é erma, non crece un codeso,
O vento non pasa e óvense unhos berros
Aló a medianoite que ós mouchos dan medo.
É aquela velliña que vende romeiro.
Nin embarazadas se acheguen nin nenos.
Din que na súa tenda despachaba o demo.
Tódolos que entraban quedábanse tesos
Por malos conxuros que daba e velenos.
Entangarañados, tísicos, enfermos;
Se o gando pasaba, morrían becerros.
Ó pé da súa porta rezou o salterio
O cura, pois tiña pecados un cento.
¡Cómo aturuxaban os mortos do inferno
Ó ouvir á maldita laiarse onda o crego!
Non vos acheguedes, que no pobo enteiro
Contan dela contos que erizan os pelos:
Que é unha alma en pena que non ten apego.
Ben vos avisaron, ¡andade con celo!

- Non vive tal meiga, señor carreteiro,
que estas maxias negras veñen do concello.
A velliña é viúva, non ten nin un peso.
Leváronllo todo caciques e cregos,
Compráronlle as fincas, venderon os eidos.
Por nada as compraron, por todo as venderon.
Pecháronlle a tenda, botáronlle o demo
Cando lle embargaron a quinta ata o rego,
E agora está soa e vístese de negro

E vende nas portas follas de romeiro.
Eu seino, que estudio e entendo o que vexo.
Non espante á xente, que este mundo é vello.
Virán outras xentes cando pase o tempo
Que a esta inxustiza porán o seu freno,
Mais non se imaxinen que acabará esto,
Que virán caciques tamén do estranxeiro
Cando chegue ó pobo o fio do teléfono
Cando os aeroplanos conquisten o ceo.
Pero como os de antes, pasarán logo estos
E fará xustiza o rei deste reino.
Mais mentres sucede, saiba o pobo enteiro
Que sí, habelas hainas, mentiras a cento.

O LOBISHOME

Coidado ó saír de noite
Pola touza en lúa chea,
Que haivos homes coma lobos
Que asaltan e que fan presa.
O home é irmán do lobo
E só Deus lle deu conciencia,
Cada un fai as súas obras
Ten de pago o que fixera.
Cando o día sea chegado
Verase cada un na terra,
Os que moven os marcos
E os que labran a leira.
Cada un faga o seu ben
E perdoe ó que está cerca,
Que hai homes coma lobos
Que camiñan pola terra.

A TRAVÉS DA NOITE

*Cando penso que te fuches
Negra sombra que me asombras*

Rosalía de Castro

Máis alá da conducta mal xulgada
Dos homes e mulleres desta terra
Que traballaron en casa estranxeira,
Segadores dos campos civilizados
Daqueles que explotaron a súa patria,
Están os que abandonados na sombra,
Na negra sombra que lles impuxeron,
Coa humillación interna por costume,
Non se miraban no espello social
Para non ver o que fixeran deles,
E así os chamaron bárbaros e rudos
Os que os marxinaron porque así fosen.
Outros tiñan a ciencia dos reloxos
Que movían as cidades,
E Castelao e Risco así o mostraron
Na mirada sumisa dos labregos
Ante a ignorancia dos explotadores.
Só artistas e estudiosos viron dentro
Do cidadán galego unha verdade
Detrás do veo dunha allea néboa
Nun rincón esquecido do mundo
No que estivo a memoria e a palabra.

O SEGREDO DA PATRIA ESCURA

Tiveches o segredo ben gardado
Durante tantos séculos escuros
Que ningún agardaba que espertases
A unha nova vida coa palabra.
Soportaches as humillacións do servo
Que non entendeu que as túas raíces
Non estaban no ruído transitorio
Das vanas modas que pasan e calan.
Pois sempre fuches fiel dentro de ti
Á voz dos fillos que por ti esperaban.
Ti sempre fuches a mesma, coma a auga
Que rega as túas fontes de humanidade.

COPLA DO POBO LABREGO

Eu ben sei que neste mundo
A verdade é unha soa,
E os meus pés están na terra,
Non no vento nin na onda.
Moitos son os que me venden
Por unha moeda a gloria

Coma se eu ben non soubese
O que dentro dun se atopa,
Que todo semella o mesmo
Mais nunca é a mesma cousa
No teu cheiro te coñezo,
ruda cheirosa.

Que tanto cambiou o tempo
Que xa rematou a historia,
Que ningún ten soidade
Porque a tenda é espaciosa,
Que a xente fai o que quere
Hipotecando a súa horta,
Dando ó banco os seus principios
E os seus valores á bolsa,
Aprendendo a fala allea,
Esquecendo o seu idioma,
No teu cheiro te coñezo,
Ruda cheirosa.

Volcaron a nosa vida
Na carreira tecnolóxica,
Como o antigo era tan malo,
Agora goberna a moda.
Movemos os nosos dedos
Vivos en pantallas mortas
E dende lonxe, o mercado
O noso tempo controla,
Pero ti ben sabes que és
A terra na que ti moras,
No teu cheiro te coñezo,
Ruda cheirosa.

“Con tal que a peza se venda
Queimemos a terra toda,
Se o pobo está distraído
No xogo, a baza é boa.
Eles cren que se gobernan
Coas regras que só son nosas”.
Isto ouvín dicir de noite
Á empresa que nos dá sombra.
“Rexeitados sexan eses
Que non sigan esta moda”.
No teu cheiro te coñezo,
Ruda cheirosa.

Cidadáns que nesta terra
Sementades a memoria,
Baixade ás vosas raíces
Recordade a vosa historia.

¿De onde saíu a patria
Que deu xustiza ás persoas:
De abandonar os principios
Ou de facer boas obras?
¿Para quén deseña anuncios
O que coa vida negocia?
No teu cheiro te coñezo,
Ruda cheirosa.

Se esquecemos o que somos
E imos detrás doutras cousas,
Se xa xuntos non estamos
E enterramos a memoria,
Se perdemos as orixes
Coma as árbores as follas,
Mercaremos ó estranxeiro
Co custo da terra nosa,
Herdarán os nosos fillos
Confusión e non victoria.
No teu cheiro te coñezo,
Ruda cheirosa.

Noso planeta é legado
Saúde da nosa forza.
Nel nacemos para a vida
Que no ceo será próxima.
Todo tende a estar unido
No corazón que é a forma
Que supera as vanidades
Das distancias enganosas,
Por iso que non nos digan
Que o último é a persoa,
Porque,
Ben te coñezo no cheiro,
Ruda cheirosa.

FÁBULAS GALEGAS

O EMIGRANTE

Para a terra que nunca antes vira
Embarcou dende Vigo un chairego.
Levaba na maleta a súa vida
Como o corazón no seu peito.

Quince días tardaba a súa viaxe
En chegar á cidade da Habana.
Os recordos voaban no aire
Polo ben que en Galicia deixara.

As súas terras foran empeñadas
En pago de tributos ó estado.
Non tiña máis que débedas pagas,
A maleta e o pouco aforrado.

Era a perla de todo o Caribe
A moi próspera illa de Cuba,
Pareceulle ó chairego nun intre
A paisaxe en flor da terra súa.

Comerciado na zafra do azucre,
Baixo as palmas que pinos semellan,
O chairego amou o sol que fuxe
Entre os cabelos dunha doncela.

Comprou unha casa nun alto
Desde donde se vía a bahía,
Logo alí sentíase moi sano
Porque alí recordaba a Galicia.

Xa non era o coitado labrego
Que deixou a terra sen fortuna,
Porque agora xa tiña diñeiro,
Unha esposa e unha filla súa.

Estes tempos felices pasaron
E chegou unha revolución,
Os Galegos foron deportados
E embargados os bens da nación.

Dous imperios de novo coitaban
Por facerse co control do mundo.
Coma sempre os pobres soportaban
As cadeas deste forte nudo.

E marchou o chairego ó exilio
En compañía dos seus achegados.
Íalles recordando que o sitio

No que nacera era un poboado.

Escondido entre montañas altas
Nas que se vía máis claro o día,
E contándoo con estas palabras
Semellaba só unha fantasía.

Mais cando o pé puxeron na terra
Materna que de ilusión vibraba
Quedou núa a nostalgia da terra,
Ó comprobar que todo cambiara.

A aldea xa estaba abandonada
E mortos aqueles que querían,
Ninguén saudou a súa cegada
Só ó emigrante unha vella acollía.

Con lágrimas contáronse a vida.
O emigrante marchou á cidade
De Vigo él e a súa familia
En busca doutra tranquilidade.

Logo que pasaron certos anos
Compraron un hotel nesta vila,
O mundo xa fixera tal cambio
Que os maiores non o coñecían.

Os avións dominaban o ceo
E as ondas percorrían a terra,
O universo fíxose pequeno
E agrandouse na mente a súa estela.

Pero dentro da mente do home
Os recordos cal herbas creceron,
E da illa que perdera o Nome
De próspera acordouse o chairego.

Pois se España legara o idioma
A América, e ela o seu tesouro
Tal que unha ponte no mar con sona
Puidera tenderse de prata e ouro,

Galicia dera co seu traballo
Por erguer a patria americana
E unha ponte cultural no espacio
Construíuse coa terra lonxana.

Para sempre creouse a irmandade
Dos dous mundos na estrela europea,
E na Habana escribiuse a vontade

Dos dous pobos na Acera Galega.

A OVELLA NEGRA

Era Maxina unha nena
Que vivía aló nun pobo
Escondido en altas serras
Onde ouveaba o lobo.

Era fermosa e ben feita
E no xuízo ben cumprida,
Mais ó ser de nai solteira
Alí non era querida.

De cativa cos rapaces
Xogaba polos camiños,
De rapaza ela foi Tida
Por liviana entre os veciños.

E con esa marca sempre
A pesar da súa beleza,
A pesar da súa bondade
Lle volvían a cabeza.

Cando ía á festa da aldea
As rapazas murmuraban
E apartada da outra xente
Os mozos non se achegaban.

Sempre había algo que nela
Da xente era rexeitado,
Como aceptada non era
Tiña o humor amargado.

Por iso a lingua do vulgo
Á que o mal alleo alegra
Bautizou á rapariga
Co alcume de ovella negra.

Mentres as outras nos bailes
Disputaban o seu mando,
A ela deixáronlle a casa,
As leiras e mailo gando.

A ela víana enzoufada
Deambulando entre buratos,
Coma a cinsenta do conto
Na compañía só dos gatos.

Así castiga este mundo
Ó débil que nada entende,
Pero da inxustiza humana
Hai un anxo que os defende.

A súa nai que a quería
Máis ca nada neste mundo
E unha amiga que a tiña
Fiel coma o mar é profundo.

Vese nesta boa rapaza
O símbolo de Galicia
Humillada polos malos
E exaltada ata a Leducia.

Da inquisición da inxustiza
Liberouna a súa sorte,
Que se acerca e acompaña
Ós seus fieis ata a morte.

Foi logo na romería
Á Virxe que había na aldea,
As mozas cantaron todas
Unha copla que recrea.

Cantou a doce Maxina
Con pobres trapos de meiga,
Como mellor ela puido
A nosa *Alborada de Veiga*.

E deu a casualidade
De que uns mozos que alí estaban
Vidos de terras de Francia,
Víronas cando entonaban.

Escoitando a súa voz
Doce como a auga que corre,
Polo río que crecido
Os nosos vales descorre,

Pedíronlle a ela soa
Que cantase para eles,
Porque non oíran voz
Así doce coma as meles.

Mentres ela interpretaba
O canto que lle pediran,
Iluminóuselle a cara
Tal como se a bendiciran.

E pouco a pouco o seu canto
Fíxoa fermosa e máis clara,
E luciu máis que vestida
Coa vestidura máis cara.

Un mozo que alí chegara
Con outros vidos de Francia,
Todos eles ben traxeados
Mostrando certa distancia,

Cando ela cesou o canto
Pediulle bailar coa man,
Se ben non había pista,
Fixéronlla alí no chan.

Tamén os seus compañeiros
Cortesés o imitaron,
Pero ó rematar o baile
Ás súas mozas deixaron.

Só o mozo de Maxina
Pediulle vela na praza,
Ó día seguinte ás cinco
E marchou sen facer baza.

Era un xove serio e digno
Elegante e ben formado,
Coma quen nos bos costumes
E na lei fora criado.

Maxina quedou turbada
E con envexa a miraron
As mozas todas da aldea
Que alí a fala escoitaron.

Sen saber xiquera o nome
Daquel xoven cabaleiro,
Agardou Maxina a tarde
Ata velo no cruceiro.

Tiña en vergoña as súas roupas
E a súa fala renegada,
A súa voz tremía escoltando
A súa fala ben coidada.

Él non era un ignorante
Nin n mozo de camiño,
Estudiante era e sabía
Máis que calquera veciño.

Díxolle que volvería
Cando a fouce a seara labra,
Deulle en prenda o seu anel
E tamén a súa palabra.

Ela quedouno agardando
Fiando do que lle dixo,
Mais logo os malos veciños
Da vila fixeron lixo.

Recelando as envexosas
Que non foran escollidas,
Procuraron malmetela
Aínda máis a escondidas.

A traición daquela xente
Que tan pouco lle quería
Pasaba porque outra moza
Lle aseguraron que él vía.

E cando el chegou á aldea
A moza con máis envexa,
Levoulle a mesma calumnias
Servida ó mozo en bandexa.

Mais non era o mozo necio
E sinalando o cruceiro,
Pediulle que lle xurase
Testemuño verdadeiro.

Nada puido ela facer
Mais para non acabar
Contoulle a fama que tiña
Esta moza no lugar.

Cómo alí lle chamaban
Co alcume de *ovella negra*,
E se un mozo da súa talla
Unha cousa así lle alegre.

Nada máis ouvir o conto
Foi o mozo á súa casa
E alí atopou a Maxina
No seu fogar tan escasa.

Colleuna logo da man
E levouna onda o cruceiro
E diante de todo o pobo
Declarou o cabaleiro:

“Escollo esta boa rapaza
De entre todas as da aldea,
Por ser ela a máis fermosa
E parecerme outra fea,

Eu, François, da Bretaña,
Estudiante que viaxa,
Non atopei estes anos
Unha xoia que así haxa.

Ten a dozura do ceo
Esta moza e eu a escollo
Como prenda desta terra
Escondida a todo ollo,

Entre vales e montañas
Cunha semente futura.
Non é unha ovella negra
Esta luz en patria escura”.

Dende entón baixo o cruceiro
Pintouse imaxe que alegra:
Un pastor bo conducindo
Ao edén unha ovella negra.

PEDRO O MARIÑEIRO

Era un tempo que reinaba
A fame no mundo enteiro,
E nunha aldea de día
Naceu Pedro o mariñeiro.

Foi un neno ben nacido,
Último de humildes pais,
Era neno e xa querido
Como os nenos son das nais.

Os seus irmáns eran catro,
Sentados á mesma mesa.
Semellaban neste teatro
Bolos da mesma remesa.

Él medraba como medra
Toda cousa no universo,
Dun planeta a unha pedra,
Nun destino que é diverso.

Pedriño era bo rapaz,
E aprendeu a arte da pesca

Vendo ó seu pai no solaz
Dunha tarde morna e fresca.

De cativo xa mostraba
Inclinación as estrelas,
Ás flores que se atopaba
E á beleza das orelas.

Non eran seus irmáns legos
Que eran destros pescadores,
Non sabían deses regos
Que corrían entre as flores.

E mentres ían medrando
Medraban tamén na súa ciencia.
Pedriño seguía xogando
Sen tomar deso conciencia.

Non só se aprende dobrando
Os nós que a rede fai caros.
¡Canto aprendeu escoltando
Pedro o canto dos paxaros!

Dentro de sí xa sentía
Como se nunca o esquecera,
A palabra de alegría
Que inda ninguén lle dixera.

A emoción de recrear
Dentro de sí a natureza.
Tal vez Deus puido crear
Así a vida e a beleza.

Mais, como o río non corre
Por sempre do mesmo xeito,
O destino que o percorre
Tiña outra cousa no peito.

Mentres os irmáns medraban
Na ciencia da pesca en parte,
Pedro as horas que pasaban
Reflexábaas na súa arte.

E unha tarde os seus irmáns
Espíárono dende a rúa.
Tiña o cadro nas súas mans
E era un debuxo da lúa.

¡Qué parvada! Foron eles
A dicírllelo ó seu pai.

Mentres á lección son fieles,
Mira o seu irmán qué fai.

Esa noite recibiu
A reprimenda de honor,
O que a lección aboliu
Por querer ser un pintor.

Dende entón xa foi Pedriño
No seu lugar estranxeiro,
Se ben medrou con cariño
Sempre foi o derradeiro.

Finalmente foron homes
Os que antes eran cativos,
Os irmáns fixeron nomes
Negociando os seus activos.

Eran ricos e tiñeron
Unha ba descendencia.
Ó seu artista esqueceron
Coma quen non ten presenza.

Unha vez mentres estaba
Pedro mirando a mariña
Chegou un barco que andaba
Á procura da sardiña.

Pero del saíu alguén
Que non era mariñeiro.
Era un viaxeiro de alén
Que parecía estranxeiro.

E mentres falaban cun viño
Nun idioma case arcano,
Caeu na conta o veciño
De que o home era americano.

Pedro levouno á súa casa
E mostroulle a súa obra,
Un lenzo tras dunha nasa
Que o lector sabe de sobra.

Cando a lúa viu o indiano
Fantaseada polo artista,
Dixo falar sen engano
Que era obra nunca vista.

Faloulle dunha cidade
Que Nova York se chamaba,

Alí expuñan de verdade
Obras coma a que miraba.

Se ben Nova York estaba
Doutro lado do gran charco
E se algúen a ela chegaba
Había de ser en barco.

Como nada que perder
Tiña Pedro nesta viaxe,
Determinou de vender
Para pagar a pasaxe.

E vendeu as súas redes
A un Feirante da comarca.
Na súa casa só as paredes
Quedaron e a súa arca.

Outro veciño atopou
Que quería facer diñeiro,
Con él Pedro se embarcou
Con el foi de pasaxeiro.

Quen lle ía dicir ó artista
Ó chegar á gran cidade
Que en lugar de aura optimista
Experimentaría a saudade.

Aqueles altos rañaceos
Aquel gran ruído de xente,
Que alcanzaba os altos ceos
Tamén invadía a mente.

Nun pequeno apartamento
De Manhattan no alto cume,
Pedro non vía o momento
De apartarse daquel fume.

E tampouco había diñeiro
Era preciso abrir vía,
Porque xa seu compañeiro
Non pagaba o que debía.

Foi un ático alugado
A primeira exposición
Do noso artista emigrado
Naquela grande nación.

Un reporteiro avispado
Coma a lingua dunha cobra,

Fixo un artigo coidado.
Ningúen mercou a súa obra.

Os soños non se apreciaban
Nun país tan mercantil,
Mais días por vir estaban
Que valían máis que mil.

A ciencia daquel momento
Á lúa elevou ós homes,
O mundo o acontecemento
Seguía e tamén seus nomes.

Cando o mundo declarou
“na lúa tres homes poño”,
lembraron que antes falou
Un galego daquel soño.

Recoñeceron que a arte
Anticipábase á ciencia,
Que dos soños todo parte
Antes de tomar conciencia.

E aquel pequeno debuxo
Entrou para sempre na historia,
Coma imaxe que no fluxo
Da vida forma a memoria.

Un día alguén regresou
A un pobo de mariñeiros,
Era un extraño que entrou
Á casa dos devanceiros.

Saíu dun coche moderno
Coa súa muller e os seus nenos,
Ía vestido de inverno
Con tres prendas alomenos.

E abrazando ós seus parentes
Saudou á aldea núa
E virón tras das súas lentes
Ó neno pintor da lúa.

Pois Deus tivo caridade
Da creación por enteiro,
E falouse en toda idade
Ben de Pedro O Mariñeiro.

OS DOUS VECIÑOS

I

Na terra de Celanova,
Célebre no mundo enteiro
Berce de Curros Enríquez
E Celso Emilio Ferreiro,
Vivía un home aínda novo
Apodado O Pataqueiro.
O seu pai era moi rico,
Era labrego e gandeiro,
Él tiña máis de cen vacas
E en fincas un pobo enteiro.
Un curmán seu, pola contra,
Coñecido por Oleiro,
Non tiña máis que este oficio
Máis era alegre e festeiro,
E cando xa a autoestrada
Suprimía ó carreiro,
Quixo estudar medicina
E atopar outro sendeiro.
O seu pai para o estudar
Pediú fiado ó banqueiro
Mais coma este non lle fiaba
Empeñou o haber enteiro.
Un día polo camiño
Viu ó mozo o Pataqueiro
E insultouno diante doutros:
“Ti sempre serás Oleiro”.

II

Cando a grande estrada fixo
Na comarca nova vía,
O mosteiro foi museo
Do que desaparecía.
Quedaban ermas as terras
Nas que o labrego vivía,
Soportando os seus tributos
Para o señor que servía,
E o precio baixou das terras,
O gando pouco valía
Porque as máquinas abriron
Outro mundo que nacía,
E tamén o Pataqueiro
Viu que o seu valor perdía;
Parecía él xornaleiro

Que na súa terra servía,
Mentres no seu automóvil
Progresaba a economía.
Tamén o rancor volveu
A vingarse do que vía,
E o fillo do pobo baixo
Xa empresario presumía
Diante do que, propietario,
un anano parecía
coas súas hectáreas ermas
pois nin para o arrendo había.
Entón o Oleiro atopou
Ao Pataqueiro un día,
O segundo hipotecado,
O primeiro ben lucía
Da Coruña outros adiantos,
A urbe na que vivía,
O primeiro ía vestido
Con pana que se raía,
O segundo americana
E limpo traxe exhibía.
Díxolle entón o Oleiro
Ó Pataqueiro este día:
“Son o Oleiro, o que dixeches
Que sempre Oleiro sería”.

III

A pequena propiedade
Permanece abandonada
Pois a pera é máis barata
Na Aldea Global mercada.
Volveuse o mundo pequeno
Ó rematarse a autoestrada,
Pero agrandouse a distancia
Na veciñanza emigrada,
Os montes quedaron ermos
E a cidade abarrotada.
Non hai lugar para todos
Na metrópole medrada.
Como é da maleza a terra
A xente vive apiñada
Servindo a terra estranxeira
Tendo a súa abandonada,
Comprando ó supermercado,
Vendendo a súa patria á nada,
En un teléfono móbil
Vendo a vida programada.
Viuse entón o Pataqueiro
Coa súa pena afogada

Nun gran vaso de augardente
Na taberna desolada,
Pois coa pensión recibida
Non tiña a roupa pagada,
E xa tarde, outro veciño,
Na taberna fixo entrada.
Os seus zapatos brillaron
coma tela satinada:
“Mentres eu recorde a terra
Que da infancia é recordada,
Eu serei aquel Oleiro
Liñaxe boa e probada
E non darei esta patria
Dunha empresa depredada.
Isto é da nosa xente,
Liberdade conquistada
Polo traballo de todos,
Memoria nosa integrada,
Raíz dos nosos valores
Cemento desta morada.
A terra é fiel para sempre,
A vida non é mercada
Porque o seu valor excede
Toda a riqueza xuntada.
Contigo veciño, quero
Ter esta terra coidada,
Facer a cooperativa
Dunha patria reformada”.
Dende entón é a cultura
A cousa máis prezada.
O gando volveu ó campo
E a cidade é equilibrada.
Nunha terra libre vive
Unha patria liberada
Deses xugos da ignorancia
Que a fixeron humillada.
A soidade consumista
Foi en armonía trocada
E o rural e o urbano son
As dúas ás da patria amada.
Cando esta época nos chegue
-toda será á fin chegada-,
o Pataqueiro e o Oleiro
terán a mesma morada,
non será a empresa inimiga
do solo en que está asentada,
e entre todos construiremos
a nosa patria agardada.

O TOXICÓMANO E A COMUNIDADE

É dos tempos nos que a rede
De Internet governa o mundo,
É dunha urbe nun profundo
Barrio que en Madrid ten sona,
É dun veciño da zona
Mozo e xa meditabundo.

Vémolo soio na rúa
Abandonado de todos,
E saiban por varios modos
Que hai catro anos ben vestido
Na mesma rúa e cumprido
Non pisaba os mesmos lodos.

Porque este mozo entre tantos
Que ocupan da urbe as rúas
Foi un galego que as súas
Raíces trouxo á cidade
É veu da universidade
Cun título e alforxas núas.

Desque acabou o diñeiro
Que lle mandou a familia,
Pasou a súa vixilia
Nun funesto apartamento,
Fun barrio gris, macilento,
E nun bar negro se exilia.

Traballou doutras maneiras
Nun grande supermercado,
Máis o contrato asinado
Foi logo papel de lixa.
Deixárono coa valixa.
Contrato non renovado.

Escolleu despois o bar
No que foi servir licores,
Alí afogou seus amores
Pola amiga de carreira
Que marchou do lucro á beira
Con outros competidores.

Como a vida non sorría
A este estudante galego,
Mentres mostrando o seu ego
Co país marchaban tantos,

Facendo da lei quebrantos,
Fixo da adición apego.

Deuse a fumar o veneno
Que degrada e non xenera,
Evadindo a mente altera
E sérvese da enerxía
Do corpo e abrevia a vía
Do prazo da nosa espera.

Lonxe estiveron os que antes
Seus amigos noutra idade,
Mostrábanlle lealdade.
Tamén apartouse deles.
Foron entón menos fieles
Os da súa comunidade.

Non querían tal veciño
E menos tal empregado,
E logo foi difamado
Pola súa conducta mala.
Nun poder que todo iguala
Faise logo un marxinado.

Na cidade consumista
Non se precisa cultura.
Unha empresa anda á procura
De carne pró seu negocio,
Só con drogas e con ocio
Fai da persoa sepultura.

Este rapaz ben formado
Co seu título no lixo,
Buscou na evasión cobixo,
E en lugar de posición,
Era un xove sen ración
No lugar que ninguén quixo.

E como xa no edificio
Na que legal se aloxaba,
Ós veciños non gustaba,
Pensaron cómo o botar
Tendo de qué o acusar
Pola vida que levaba.

Posto que en contados días
Víñalle un paquete á casa,
Con fortuna un tanto escasa
Como presumían que tiña,
Coidaron ver qué contiña

E entender mellor qué pasa.

Tantas ganas eles tiñan
De botar ó mozo fóra,
Que pagaron a un por hora
Pra vixiar a mercancía,
Descubrinto que alí había
“cáñamo” polo de agora.

Xa tiñan de qué o acusar.
Chamaron á policía,
E vindo a xendarmería
Presentárolle as súas probas,
Levaron logo as arrobas
E o mozo á comisaría.

Alí no interrogatorio
Fixérono delincuente,
Abríronlle o expediente
E citárono pró xuicio,
Pasou do cárcere o quicio
Para vergonza da xente.

Por posesión ilegal
- el dixo pró seu consumo-
botáronlle moito fumo
e unha vez xa na súa audiencia,
con fianza habería clemencia.
Que non a houbo presumo.

Cando se viu en prisión
Por non turbar á familia,
Pasou a noite en vixilia
E á mañá lembrou a un home
Que hai días lle dera o nome.
Con este se reconcilia.

Era un fontaneiro novo
E galego coma él.
Pensou que sería fiel
Ó aprecio que lle tivera,
Pois na súa casa estivera
Hai pouco. Tremeulle a pel.

Buscou a súa tarjeta
E explicoulle a súa noticia,
Cómo o collera a xusticia
E no cárcere que estaba,
E cómo del se acordaba
Que era tamén de Galicia.

Nada máis ouvir o caso
En menos que canta un galo
-Aínda é menos do que falo-,
Presentouse o camarada
E sen explicarse nada
Viu ó mozo e foi tratalo.

Oíndo que había fianza
Alí mesmo á policía
Entregoulle o que traía
E extendendo un cheque logo,
Asinoulo coma un xogo
Coma quen non o sentía.

A súa xenerosidade
Librou ó mozo do engano.
Foi coma o samaritano
Que describe o evanxelio,
E chamábase Roxelio
Este home campechano.

Xa logo na veciñanza
Moito rebumbio alí había
Coma ó voar unha harpía
Por deshacerse do morto,
Facendo o dereito torto
E metendo á policía.

E mentres no conto andaban
Viron chegar tres persoas
Que ó apartamento ían soas,
Onde botaran ó mozo.
Unha era él sen embozo
E as outras eran ben boas.

Era o noso fontaneiro
E a súa filla máis pequena,
Redentora da alma en pena
Dese rapaz renovado.
Tiña un contrato asinado
E fixo co pai da nena.

Parecía unha familia
O grupo que foi ó piso,
Asombráronse os que diso
No buraco da escaleira
Levaron sorpresa enteira,
E quitóuseltes o riso.

Así foi este rapaz
Salvado dos seus valores,
Que os Galegos son señores
Se fieles as súas raíces
Non toleran os deslices
Dos corrutos torcedores.

Debaixo do asfalto urbán
Están as raíces da terra
Que a nosa verdade berra
Por máis que haxa pervertidos
Que comercien cos nacidos
E ós xustos lles fagan guerra.

O OBREIRO CULTO

Este conto sucedeu
Na vila de Camariñas,
Onde o seu encaixe e liñas
a costa galega encheu,
Vestido co que a envolveu
Para darlle a eternidade
Da súa breve inmensidade.
Este é o conto de “Senlleiro”,
Fillo do mar e obreiro,
E amigo da súa verdade.

Do automóbil na montaxe
Traballaba e subsistía,
Mais cando no ocio lía
Dos libros a súa mensaxe,
Remontábase a esa viaxe
Que nos achega ás estrelas
E nos leva a comprendelas
Recordando a nosa orixe
Máis alá do mal que aflixe.
Hai cousas que é bo sabelas.

Senlleiro era obreiro culto
E entre os seus era querido
Por sensato e entendido,
Inimigo do insultom
Non tiña afición o bulto
Onde se xuntan os vicios,
Nin ós bos metía en xuicios,
Se ben era delicado
Máis que outro do seu estado
Pois facía outros servicios.

Mais un día se atopara
En pleito coa autoridade,
Pois dicía a súa verdade
Sen importarlle quen oíra,
E hai pouco que se fuxira
Dunha antiga dictadura,
Por mor da ignorancia escura
Que levara o pobo á guerra,
E el dixera que esta terra
Era da xente madura.

Non lle agradou este dito
Ós xefes da policía.
Ainda caciques había,
Non se pagara o delito,
Pese a haber dereito escrito,
E acordaron nunha vista
Dos non gratos por na lista
Ó rapaz, xuntos na mesa,
Para botalo da empresa
Por suposto comunista.

Máis calumnias levantaron
Por detrás cos seus contactos,
Alá tiñan os seus pactos
Que por costume acordaron,
Pois con trampas amañaron
O que a lei non concedía.
“Veremos quen ten valía
Para mandar nesta aldea”,
Dixeron “ou letra chea
Ou ciencia da policía”.

Por causas de persoal
Despedírono da empresa,
E outros negocios á presa
Fixéronlle o mesmo mal.
Como todo daba igual
Quixo dedicarse á pesca,
Pero a auga estaba fresca,
E el tiña pouca experiencia,
Acábouselle a paciencia
En tarefa tan dantesca.

Se ben hai que precisar
Que non toda a policía
Da comarca seguiu vía
Para ó mozo castigar,
Un grupo foise apartar
Por dignidade do oficio

E vían con sacrificio
Cómo os outros se encubrían
Co uniforme que vestían
Para defender o vicio.

Un deles foi avisar
Ó mozo desta redada,
Que a bicicleta na estrada
Mesmo lle foran levar,
Deuse o mozo a lamentar
Mais díxolle alí o xendarme,
Que o fillo de dona Carme
Que así a súa nai se chamaba,
Se esta débeda pagaba
Sería co seu desarme.

Preguntando na comarca
Achou in patrón naval
Que non lle ía nada mal
Gañando coa súa barca,
Segundo o habido na arca
Pois da zona era o máis rico.
Don Telmo o nome, e bo bico
lle puñan os que o adulaban,
por un traballo o buscaban
os que andan de pala e pico.

Quixo coñecer ó mozo
Cando soubo a súa historia,
El ben tiña na memoria
O tempo que saíu do pozo.
Véndoo encheuse de gozo
Por ser home de cultura,
Xa que o capital non cura
Os méritos, só a sorte,
E á fin termina na morte
Quen dos sabios non procura.

“Agora son eu patrón,
Mañá tal vez mariñeiro”,
Dixo o empresario agoreiro,
“quizais sexa o teu peón
Mañá. Hoxe esta misión
Teño: a de facer o ben.
Miña memoria retén
E por esta fe eu vivo:
Ten a hora o seu arquivo
E hai mudanzas máis de cen”.

“Para a túa formación

Darei o que falta faga,
E ademáis esta outra paga
Para a túa manutención.
Non lle faltará ración
Ó boi que bo campo sega,
Así esta vida se emprega
En axudar ós demáis,
Recibindo dons iguais
Pois a vida é do que entrega”.

Demostrou ser bo galego
Xeneroso este patrón.
Xesús tamén fixo don
De mariñeiro e labrego.
Na espiral do mundo cego
O que vén de abaixo medra
E o que decae cóbreo a hedra,
Demostrando que é o amor
A cualidade mellor
E o seu valor racha a pedra.

Mentres tanto os promotores
Do medo e terror na aldea,
Con subornos deron cea
E festa nos arredores,
Cando uniformes de cores
A outros deles arrestaron,
Coa lei á que se entregaron,
Tendo probas do delito.
Por abuso do prescrito
Os responsabilizaron.

O obreiro culto, “Senlleiro”,
A quen “Solleiro” chamaron
Os que do cargo abusaron
Por verse sen compañeiro,
Redactou un plan pioneiro
De gando, de mar e viñas
Que renovou as mariñas,
Casou e foi rico herdeiro.
Falouse do fiel Senlleiro
Máis alá de Camariñas.

AS COMUNEIRAS

De Silleda, municipio
De tractores e de gando,
Era Chema, coñecido

Por ser un xove empresario.

O seu pai fora emigrante
Na xenerosa Arxentina
Que prestara axuda a España
Cando a guerra fora á vila.

Coa prata abriu unha tenda
Rural na que había de todo:
Dende viño na súa bota
Ata unha caixa de ovos.

Cando Chema se casou
Convertiuse en contratista.
A súa xenerosidade
Tiñan todos en estima.

Promoveu novas vivendas
Con tendas e zonas verdes,
Puxo aceras e servizos
Onde só as silvas prenden.

Restaurou parte da igrexa,
Asfaltou varios viales
E aínda máis fixo da vila
Cando o elixiron alcalde.

A ambición do crecemento
Levouno a unha obra de risco,
A urbanizar un gran barrio
Residencial de veciños.

Como as cousas neste mundo
Son entre trigo e cizaña,
Por defectos das licencias
Atribuíronlle á obra faltas.

Botáronlle leña ó lume
Os ruíns que nada levaron,
E entre todos dispuxeron
Negociar co seu estrago.

Pasado un ano en concurso
Estaba a obra de Chema,
Pasado outro a muller
Deixárao só na vivenda.

Foi entón o que fixera
Tantas cousas pola vila,
A buscar ós seus amigos

Mais ninguén o coñecía.

Entre amigos e veciños
Tiña antes sempre chamadas.
Agora cambiaba a acera
Un de antes cando o atopaba.

Tildárono de corrupto
O que era de tan boa fama,
Ben sabe enlamar a xente
Ós mesmos ós que levanta.

Véndose pobre e humillado
Na soidade da vergonza,
Tivo a tentación do viño
E da vida mentirosa.

E buscou a compañeiras
Cos poucos cartos que tiña.
Chamárono entón vicioso
Os que obraran a súa ruina.

E resultou que os marcados
Na conducta por viciosos,
Demostraron ser máis xustos
Que os que se crían virtuosos.

As mulleres coas que andaba
Decidiron axudalo,
E cunha parte do seu
Redimir ó condenado.

Ainda no fondo da ruina
Chema era home de negocios
E viu oportunidade
E deu á bolsa os seus fondos.

Lonxe de chamar loucura
A este risco tan ousado,
As mulleres con axudas
E consellos o animaron.

Era ben difícil que
Tal negocio saíra adiante,
Pero Chema tivo sorte
E gañou o seu combate.

Recuperou o perdido
E saíu das hipotecas,
Creu volver a ser nacido

Ó saldar as súas débedas.

Os que pararan a obra
Víronse ben amolados,
Pois de alí a pouco tempo
O perdido foi gañado.

Aquelas mulleres boas
Coñecían certa xente
E buscáronlle algúns socios
Consultando entre os clientes.

A obra seguiu medrando
Coa levadura da unión,
O que fora un descampado
Era unha urbanización.

Todos estaban contentos:
Acredores e veciños.
A economía medraba
E eran verdes os camiños.

Só os que o arruinaran
Non daban crédito á cousa,
Pensaban se o axudara
Un potentado da zona.

Xa todos o recordaban
E o volvían saudar,
Comprara unha casa grande
Levara outra moza ó altar.

Alcalde foi doutra volta
E no discurso da festa
Dixo que todo o debía
Á labor das comuneiras.

Cando os seus o abandonaran
Elas sí o protexeran
O pobo a elas lles debía
O que coa súa obra era.

Así viviu moitos anos
Sen baixar nin se gabar,
Como di unha frase antiga
Que é un consello popular.

DE ONDE VEÑO

Non podería pertencer á nación deses conquistadores que se uniforman para someter, o que nos deron eles apenas é un fío conductor a algo moito máis grande que está do outro lado da vida. Eles trouxeron o ouro e a prata, e últimamente, son eles os que nos prestan a rede da súa grande metrópole dixital, son eles os donos do mercado- os que fixan os prezos das cousas e os que deciden qué poden facer as persoas-. Para eles, o mundo é un balance e os seus habitantes son números localizados na súa lista; desprezan todo aquilo que non poden entender. O seu valor é triunfar na aparencia das cousas: construír unha ponte de cables ou metais preciosos a través do mar para que o seu mundo se desenvolva máis depressa. Non poden saber que nun recuncho do pobo naceu a liberdade e que eles tamén a serven. Unha pequena palabra dita na fala do pobo foi o susurro que fixo mover o mundo. Porque, ¿non son as persoas o centro do mundo? Os imperios duran ata que rematan, pero a fala do pobo, na que existe a verdade anterior ó tempo, é un eco da eternidade á que camiñamos. Na música da gaita, nas chancas do labrego, na rede do pescador ou no afiador e o gandeiro estaban os principios que fixeron a arquitectura da evolución cara a intelixencia do universo: unha nave espacial foi un sacho o seu primeiro día . Esa é a nación emerxente á que pretenzo, á dos banqueiros da cultura. A pequena nación que devolve ó corazón o exilio do tempo.

A EMOCIÓN DA EXISTENCIA

Supoño que Breogán, ese celta viaxeiro, tería a súa primeira e mellor emoción no sabor transparente da auga que bebeu na súa aldea. El viña de Bretaña, herdeiro da sociedade atávica do rei Arturo, na harmonía simbólica dos doce cabaleiros arredor da mesa redonda e compartida do seu lar verde e remoto, alá na illa organizada de Albión, onde baten as ondas e se escoita o ruído do mundo coa distancia da sensatez. O home viaxa, ama e busca sempre, metamorfoseado no seu camiño, aquel sabor transparente da emoción primeira. En vano os ritmos da guerra ou da conquista, chamas prendidas que pasan voando e morren, poden facer olvidar ese recordo da alegría sinxela do neno que descobre o mundo no seu interior, a pesar de ser pequeno e fráxil en comparación cunha estrela. O soldado que ven da batalla – sexa sempre pasada-, o emigrante que volve despois de facer negocios, a muller que cambiou de vida na cidade onde o pensamento é automático e o movemento está coordinado cos automóviles, o gran triunfador na esfera política do cambiante anfiteatro social, todos eles, todos nós, a pesar das voltas da estrada e dos movementos da empresa humana, buscan, buscamos nos beizos da persoa amada, nas postas de sol vividas ou soñadas ou despois de experimentar o triunfo momentáneo, o sabor transparente daquela emoción primeira.

NOVA PATRIA

ARXENTINA

Quen soubese amar

Coma aquel que estivo na cruz
A tódalas criaturas,
E meterse no fondo do sufrimento
Para elevar do esquecemento ó home
E á muller que perderon a memoria
E o sentimento de alegría da vida.
Quen soubese amar, respeitando a liberdade
Única de cada persoa
Para entender ós que foron levados
Pola necesidade ó que non coñecían
E dende alí darlles a dignidade
Coma se nunca a perderan,
Pois é o interés quen move o mundo
E non o ideal que nace da verdade
Anterior á morte que fai guerra,
Dende as cadeas forxadas do mal,
Máis o mal do mundo vai sendo vencido.
Unha voz colectiva escoitou
Ó turista que pisou a acera dun barrio en Bos Aires,
A cidade xigante dos exiliados de Europa,
E escoitou as pisadas das almas anónimas
Que viñeron a poboar o ventre de América
No río onde a Prata saíra ós seus mares,
Para espertar o sangue do desenvolvemento
Na Idade Media do continente das Ideas.
¿Cómo entón oíu a voz dun pobo
Pequeño coma un gran de millo
Estallarse por Palermo e Belgrano até a Boca
Onde o río da Prata perde o seu curso?
En Corrientes escoitou ós edificios falar
Dentro da súa conciencia,
Escoitou falar as aceras, as estradas e as beirarrúas,
As sombras dos transeúntes que pasan sen dicir nada
E percibiu cómo se nomeaban Galegos os semáforos
Os escaparates das tendas e os transportes públicos,
Pois alí o español era galego,
Unha semente naquel grande Exipto,
E nas cidade dos mil pobos outro Israel nacera.
Entón o turista lembrou
Conversando nunha cafetería co seu dono
Cómo a flor de Bos Aires se abrira para todos
Cando Europa se enfrontara nas súas guerras
E cómo agora languidecía nas mans da delincuencia
Mentres Europa nacía de novo.
Mais naquela patria de patria e exilio
Viu máis de cerca á xente da xente,
Como estaba o emigrante do emigrante,
E lamentou o autismo da civilización vella
Que camiña sen lembrar.
Alí escoitou o son da gaita de novo

Na Irmandade Galega,
Era o mesmo son da verde terra de carros e vacas,
Agora de tractores e ordenadores,
Pero o seu timbre era máis nítido,
Xa non dunha rexión en lonxano mapa,
Senón un canto internacional
Coma o bandoneón ou a guitarra do gaúcho
Que brotaba – auga de vida- dos fundamentos da Urbe
Mesturada co tango italiano
Que contaba tódalas historias dos que fixeron
Unha patria do Descoñecido.
¿De onde saíu Europa, máis que daquel canto?
¿A onde volverá a súa marcha algún día?
O turista, fundido coa paisaxe
Da provincia máis grande do seu pobo
Escoitou a súa memoria engrandecida,
E mentres estreitaba as mans dos seus compatriotas
Esqueceu o abandono da terra onde viña a Prata
E crecera a cultura na memoria,
E sentiu que estaba no seu fogar.

EUROPA

Mais cando o turista regresa a Europa
Á rexión da información e dos satélites
E volve no avión a aquela orixe
De montes e rías engrandecidos,
Quere traer consigo o que perdeu
A civilización do automatismo
Que foi a patria do dereito á liberdade,
Quere traer a presenza da xente
Unida a través das súas raíces
Coma membros dunha mesma familia,
Quere esquecer os rostros das persoas
Separados polas pantallas,
As emocións vendidas a unha empresa
E lembrar a Irmandade dos Galegos
Unidos no seu destino ó pobo luso
Coma a lingua de Don Denís demostra
E os irmáns Vilar identifican,
Pois da terra que foi asoballada
Saíron os que poboaron América
Pola ponte que construiu España,
Multiplicando as provincias galegas
Nos estados de natural misterio
Que legaron a Europa
O seu desenvolvemento,
Xa que se eles plantaron a cultura
Como unha árbore de libres froitos,
Os Galegos podaron as súas ramas

Deixando a súa vida en cada folla.

O POBO UNIDO

Lingua e cultura, a alma que nos une
Para ensanchar o mundo ata o universo
Que naceu dunha emoción
Nun recuncho compartido,
Raíces do que somos, sangue noso
Máis alá da ilusión que pasa e morre,
Invócavos o que escribe e o que sente,
Invócavos en nome de todos,
Para que as cadeas de toda sorte
De odio en técnicas maneiras
Non afoguen ós que non poden oír
A voz da identidade
Que é a unión nos principios
E a cercanía entre as persoas
Dende a memoria da terra que a conserva
Como garda a natureza o seu tesouro
Descuberto no fondo do corazón
Para que medre en estatura a vida
E naza outro mundo en cada un de nós.
Europa precisa de América
E América de Europa
Como dous ciclos que se complementan.
Ben Galicia cimentou as súas bases
E na emigración integrou un pobo,
Non separado polo ruído da mentira
Programada para non ver nin sentir
A terra na que todos somos un
Protexidos pola diversidade
E nas tradicións acreditados,
Porque unha é a cor do noso sangue
E a perversión xurdiu do esquecemento.
Ó centro do universo onde o poder
E a verdade residen
Chégase por calquera parte
Mais sempre cara abaixo, onde as orixes
Nos fan medrar logo e recoñecernos.
É a única evolución posible,
A que aumenta de tamaño a nosa alma
A través dunha terra que é memoria
E dentro de nós sinte, entende e vive.

A LUZ DA TERRA

LENDA

Nun escuro precipicio
Unha dama se escondía,
Soñaba mentres durmñia
Nun antigo maleficio.
O seu soño era o suplicio
Dun pobo que morto estaba,
E aínda que a súa voz cantaba
Non quebraba o seu cilicio.

A dama non espertaba
E a súa voz non se escoltaba,
O pobo estaba sufrindo
Negado sobrevivindo,
Mais o su xerme existía
Por esa voz que se ouvía.
Ninguén podía calar
A voz da terra a chorar.

A súa voz, a súa chamada
Foi do vento percibida,
E no fol foi presentida
Dunha gaita namorada.
O espírito fixo entrada
Dende un remoto infinito
A música, coma un grito
Rompeu a cadea soñada.

E os dereitos agromaron
Coa gaita, soplo do vento,
Norma do fiel firmamento,
E os misterios abarcaron.
A dama foi espertada
En noite e soño velada,
E no amor do seu gaiteiro
Foi na aurora o seu punteiro.

¡GALEGOS!

Mirade ós que veñen cheos de pó dos camiños. Van de cara ó chan cos seus fardos ás costas. Non serven máis que para segar e sementar, formigas ananas e negras que nos tran o alimento e desprezamos. ¿Qué saben facer con esas chancas e eses zocos que fan o mesmo ruído ó dar nas pedras que o que fan as ferraduras das bestas? ¿Qué maneiras son esas de animais de tiro, con esa fala cara adentro coma a dos mouchos, con esa mirada de burros apaleados, coa lingua colgando coma cans, con roupa rota que da noxo

velos, con máis remendos que tea? O que non fan facemos fano eles: limpan os nosos pozos, regan coa nosa auga e xúntanse ó lume para contar contos dunha terra escura e montañosa da que veñen. ¡Galegos! A igrexa dirá que son persoas. ¡Parecen animais! A saciedade dos nosos insultos acobillouse na súa pel. Usamos os seus nomes de baldón para referirnos ó que é servo de nacemento. Agora están en todas partes, nas cidades construídas polas nosas espadas para os trens do noso goberno. Van chorosos, vixiando un recordo. Chámanlle saudade. ¡Perderían algo? Desconfiados polos golpes que levaron e que lles demos, escapando de non sei quen que sempre lles rouba a terra, coma os xudíos da diáspora, viven de recordos e esperanzas e emigran a Suíza, a Alemaña, a América, alí donde haxa unha casa boa á que servir. E a súa fala cara adentro vaise pegando ás solas dos zapatos coma se fora chicle; teñen dozura as cancións que cantan as súas amas para durmir ós seus nenos no frío da rúa das nosas grandes cidades, feitas polo noso grande orgullo, que agora parece invadido pola fala deses ananos invisibles do país da miseria. ¡Galegos! Noxo me da pronunciar ese nome, a min e ós que nos criamos no asfalto ben fregado da gran cidade, reloxo automático do Banco de Inversións. ¡Pois tamén alí está a súa fala, como un poema que revela un segredo queu ninguén escoitou! Nos billetes do Banco tamén se pega a súa fala elástica e melada coma chicle doce, antigo son da terra queixándose baixo o asfalto apretado e o atasco de automóviles ó saír das oficinas, a súa fala misturada cos nosos insultos, convertida agora nun poema de liberdade. Non tiñan máis que esmolos, e agora levan os nosos coches e rexentan os nosos departamentos oficiais. ¡A súa danza naceu nun muiño! ¡As maneiras, coma as do peón portugués, cara adentro, a fala doce e escondida pegada ós nosos zapatos, brota desde o fondo da terra, rompe o asfalto, fai decaer os nosos prexuízos! ¡Botámoslos fóra do mundo e o mundo é agora seu!

A NUBE QUE BAIXA Á TERRA

Eu estaba nunha terra ben pequena
E dende ela vía o ceo de luz e poder
E pensaba ser infinita a distancia
Que del me separaba.
Unha terra entre moitas terras
É o mesmo que tódalas terras,
Un cálize que garda unha emoción que medra.
Pensei buscar no alto o futuro
Ó ver brillar as estrelas,
Mais a luz das estrelas tocaba esta terra
Con dedos invisibles de enerxía sabia,
E o amor nacía de debaixo do seu solo
E o corazón transformaba.
A xente aprendera a vivir con sufrimento
Pola inxustiza de non comprender
Mais o pequeno fixérase grande
A medida que a terra era entendida
Como parte e semellanza nosa
Na infinitude e providencia do universo.

O pobo que fora asoballado
 Pola tiranía doutros pobos
 Nacía de novo e aprendía a falar
 Como un neno no que o divino existía,
 E íanse pechando as feridas de sangue
 Cando a xustiza brotaba entre a xente.
 Vin logo emerger das touzas escondidas
 Onde o medo xurdira no pasado
 Dos ríos que esculpen as rías galegas
 En busca dos reinos do sol no mar,
 E da liña oceánica que envolve a súa costa,
 Unha néboa de luz branca e luminosa
 Confundida co sol e as estrelas
 Que semellaba igualalos
 E nelo o vento deixaba oír voces
 Dos cantores da nos aterra
 Que formaban a voz do pobo:
 De Rosalía de Castro, a súa primeira musa,
 Que recolleu as cancións da Idade Escura do Silencio
 - as de Martín Códax no mar de Vigo,
 as de Pastor Díaz, Mendiño e do Rei Sabio de Castela,
 irmán do rei Denis de Portugal-,
 e elevou ó ceo a fala do labrego,
 de Curros Enríquez, poeta da Inxustiza
 e arpa dos silenciados,
 de Pondal, que atopou no pino orixes nobres
 para o himno da terra esquecida,
 de Manuel Antonio,
 mariño da metáfora do mar da liberdade,
 de Celso Emilio Ferreiro,
 cantor da Longa Noite do Pobo,
 de Cuña Novás,
 fermento do espertar humano,
 de Manuel María,
 piano do agro e as estacións,
 de Eduardo Blanco Amor
 e a súa Esmorga – Leticia da xente-,
 daquela xeración que foi Atenas da Fala
 con Castelao – pai da dignidade e do Estatuto-,
 Risco coa caricatura do cacique atávico,
 Otero Pedrayo coa historia soterrada da terra
 Que sufría outra historia imposta,
 Xocas, etnógrafo dos oficios
 - a Xeración Nós, xerme da cultura
 que puxo fin á ignorancia-,
 de Rafael Dieste e a maxia do vello que quería ver o tren,
 de Uxío Novoneyra nas neves do Caurel,
 de Bernardino Graña no canto da ría,
 de Avilés de Taramancos na emigración,
 de Álvaro Cunqueiro na ficción da lenda oral,

de Carlos Casares retratista da represión,
de Ramón Cabanillas cronista da Terra Asoballada,
de Ramón del Valle- Inclán deformador
de figuras de ignorancia e conxuros políticos,
de Cela e a súa observación do grande e sinxelo,
do autor de *Nimbos*, de José Ángel Valente
e a súa poética da inconsciencia que
garda un misterio de vida,
de Leiras Pulpeiro, de Lesta Meis,
do fabulador Méndez Ferrín, do antropólogo
Cuevillas, de Pimentel e as súas notas íntimas,
De Manuel Rivas e os pensamentos dos obreiros maltratados,
Xunto coa gráfica estela de Luis Seoane,
Coas odes naturais de Amado Carballo,
E os testemuños de Antón Losada, María Mariño, Carballo Calero,
Bouza Brei, María Xosé Queizán,
En sintonía coa lingua irmá de Camoens e de Pessoa,
E centos de nomes luminosos nunha galaxia nova,
Donde o pasado e o futuro se confunden nun eterno presente,
Nomes que conteñen a miles de consciencias colectivas,
Consciencias que conteñen a miríadas de persoas,
Un libro, un canto, unha espira luminosa,
Que á vez enlazaba os seus xiros con outras
Espiras doutras linguas que se tocaban no planeta
Que crece ata os astros,
Dixen logo,
Esta é a nube que baixa á terra,
Vindo do ceo ó que subiu primeiro, dimensión próxima,
E con ela quero enlazar a miña voz,
Porque traerá a humidade da xusticia e a sabedoría á terra,
Nube inmortal e galáctica no vacío escuro conquistado,
E nela quero que suba a miña alma
Máis alá dos meus pecados,
Pois nela está o alento que rexenera o mundo,
A palabra viva
Que devolve o tempo á eternidade.

A MULLER GALEGA

Nunca será ben louvada
Ningunha gabanza chega
Para a bendición rogada
Que foi a muller galega.

Foi boa moza garrida
E foi boa ama de casa,
nesta muller tan cumprida
Por ela o tempo non pasa.

Se eu tivera ese talento
De Curros ou Rosalía
Ben dixerá moi contento
Que ela foi nosa alegría.

Compañeira do labrego
Compañeira do emigrante,
Tenra nai, e bo apego
Co marido sempre diante.

Que aprendan os outros pobos
O que vale a muller boa,
Salva a tenreira do lobo,
Salva a ovella da leoa.

Levando a paz ó fogar
Non hai guerra que se resista.
¡Cómo ela o soubo lograr
Coa humildade que conquista!

Sendo columna do ben
Á familia sempre uniu,
Sendo xeitosa tamén
Á terra sempre sentiu.

É a memoria e é o amor
Por iso quero expresar,
Que ela venceu o rencor
Polo moito perdoar.

E aínda que eu non teño xeito
Nin piropo para unha rosa,
Quero cantar do meu peito
Por esta flor tan fermosa.

CANCIÓN DE NAMORADOS

Dame un bico, namorada,
Dame un bico,
Que entre os reus beizos o gozo é infinito.

Dame vida, namorada,
Dame vida,
Co teu cariño que vence a mentira.

Se o tempo fora reducido a isto,
Ben estivera contento:
A unha terra para a alma que a busca,
Atopando na túa mirada o ceo.

A TERRA

Sementa a túa leira dura
Labrego da terra escrava,
Que nacerá do seu seo
O dereito a liberala.

Busca nela os seus valores
Que foron a poboala,
Atopa a verdade oculta
Debaixo da súa fala.

Xurdirá dela a palabra
Que é capaz de transformala,
A evolución das ideas
Nos achegará ás montañas.

Cando outra xeración veña
Se perdera esta palabra,
Volverá de novo á terra
Para recuperala.

PROGRESO SOCIAL

Dunha vaca a un automóbil,
¡canta cousa o tempo leva!,
Mais o desenvolvemento vén de dentro
Coma o froito sar da auga que o rega.
Volveuse pequeno o mundo
-apenas unha pelota nas mans dun neno-
e acadou a nosa fala
a través de fíos de maxia todo o espacio
devolvendo as imaxes ó pensamento,
mais a emoción existe por sí mesma,
sagrada e inaccesible, máis alá do expresado,
recordo dunha viaxe no mar da alma,
da ue só poseímos o que gañamos.
E mais se agora todo é relativo
Coma o vento que non coñece fronteiras,
¿non somos nós o centro do universo,
E extraemos da terra este segredo?
¿Qué quedou de todo o que pasou?
A percepción máis nítida do externo
A nosa sombra que devolve a conciencia
Do amor, que non ten límites.

A ALMA DO POBO

O pobo non dorme, o pobo vela,
E o sangue seu vertido nos perdoa
Coma o sangue de Cristo, a súa palabra,
E o espírito do Deus descoñecido.
El abriu os camiños para o encontro
Na unidade da memoria,
Para unir o pasado e o futuro
No presente eterno,
Instante compartido.
O pobo medrou entre ceo e terra
Vivindo dentro de nós,
E acadou a victoria sobre o mundo,
A discordia do noso medo.

O MISTERIO DO CARBALLO

¿Quen prantou este carballo
No monte que ve o camiño?
¿Quen o puxo nesta terra?
No sol e tamén no orballo
O seu tronco a vida encerra
As súas ramas sombra e niño
Dan á xente e ós paxaros.
O misterio en nube e claros
Deu á súa semente forma.
Cando era aínda pequeno
Buscou na luz a súa norma.
Naceu para renacer
E só a vida o ha entender.
Algún que pasaba dixo
Que cortado había de ser
Por non dar froito prolixo
Mais o vento ben sabía
Que gardaba unha alegría:
Era a redención da terra,
Superando o mal veciño.
¿Quen prantou este Carballo
No monte que ve o camiño?

PLEGARIA MARIÑEIRA

Nosa Virxe é a patroa
Desta vila mariñeira,
É nós, á nosa maneira
Tecémoslle unha coroa.

Tanto o mar coma a vida
Son camiños milagrosos,
E con fe fanse hermosos
Pois ela cura a ferida.

Rezamos polos ausentes
Que os nosos ollos non ven,
E alegres polo que vén,
Rezamos polos presentes.

Todos humildes nacemos
Mais a ledicia agardamos,
Os pecados non contamos
Só a verdade que queremos.

Ainda que non a tocamos
Sabemos que ela nos quere,
E o noso gozo prefere
Ós presentes que lle damos.

Sexa sempre a nosa luz
Que nos leve ó noso porto,
Superando o tempo morto
Na eternidade da cruz.

A MELLOR AUGA DO MUNDO

A mellor auga do mundo está na terra
Que nutre a alma que garda a súa memoria,
Ó comenzo pequena acomo fonte,
No seu transcurso río e mar de vida.

A mellor auga do mundo é a voz sinxela
Que nos seu ciclo comprende o universo,
E a través da sede das súas idades
Sacía de amor a tódolos viventes.

A mellor auga do mundo é a fe que vence
A tódolos obstáculos mentidos,
Atravesando ata a pedra da morte,
Buscando sempre a súa eternidade.

A mellor auga do mundo está na terra,
De donde a humanidade bebemos,
Pois os seus principios son sempre os mesmos.
A mellor auga do mundo está na nosa verdade.

A TERRA

¿Quen gardou a esperanza
No ventre oculta de tantas idades,
Metáfora sinxela do infinito,
Mediadora entre a vida dos seus fillos
E o ceo ó que tenderon?
¿Quen deu a linguaxe das emocións
Para devolvernollos a identidade?
Elementos en guerra foron postos
En paz polo alento do amor vivido,
O tesouro máis grande da lembranza
Que é o solo que pisamos.
Na súa profundidade sempre escura
As sementes do desenvolvemento
Ampliaron a mirada intelixente
Do humano que transforma o universo
E o modela a imaxe da súa alma.
Sempre fieis á súa maternidade,
Señora dos nacementos,
Buscamos nela o que un día perdemos,
Principios inmortais que están no fondo
Que trasladados de idade en idade
Ó noso corazón pertencen,
Imaxes que dentro de nós existen,
Palabras escoitadas polo tempo,
Presencias dos que aquí están connosco,
E por medio do seu camiño vemos
A carón de nós para sempre.

CREDO

Teño respecto por todas
As virtudes das idades,
Pero entre elas é a mellor
Virtude a da caridade.

A falsidade do mundo
Que negou sempre á persoa
Puido ser xustificada
Por aqueles que perdoan.

Cando os medos me tentaron
E os vicios me perseguiron
Recordéis o home que veu
Deste mal a redimírnos.

Símbolo de toda historia
En tantos homes que foron
Sementando a humanidade
Nun mundo que era de mortos.

Moitos males se formaron
Pola cruel intemperancia,
Moitos bos sacrificados
Pola ruin intolerancia.

Hoxe o mundo xa semella
Nas súas normas ben máis xusto,
Pero tamén sacrifica
A quen non leva o seu xugo.

A terra dos nosos país
E asimesmo as terras todas
Merecen que se respecten
As culturas das persoas.

E aínda que se fomente
Unha globalización,
Dentro de cada cultura
Hai unha mesma nación.

Pechemos ó mal do mundo
Ó pasado e ós seus modos.
Fagamos un mundo aberto
Para que caibamos todos.

Polos que débiles foron
Humanos entre animais,
Os pobres e marxidados
Os que non eran iguais.,

Polos que dentro de sí
Sentiron o cruel desprezo
Dos que non tiñan piedade
Porque non os comprenderon.

As costumes e as ideas
Fabricados polo home,
A un déronlle xerarquías
A outro quitáronlle o nome.

Cando poeta me fago
Recollo dentro de min
Os lamentos meus e doutros
E convértoos a outro fin.

Se lle chaman crecemento
Futuro ou evolución
Á negación da persoa,
É unha mala percepción.

Ningunha idea nin dogma
É superior á persoa,
Ningunha mentira fai
Á verdade mentirosa.

Merece a pena que exista
Algo máis que vanidade,
Unha voz para os que escoltan
E os que están en soidade.

A carreira por chegar
Ás primeiras posicións,
¿de qué pode aproveitar
Se non sacia os corazóns?

No universo foi valeiro
O oco que deixan as cousas,
E só dentro de nós mesmos
Atopamos a resposta.

Eu chámolle crecemento
Á victoria pola xente
Dos obstáculos do mundo
Que renova a nosa mente.

A mente que é o recordo
Dunha terra recordada,
Que nesta que aquí vivimos
Faise posible expresala.

DENTRO DE TI

Dentro de ti hai unha fonte
Da que mana o amor e a verdade,
Dentro de ti tamén hai unha fonte
Da que mana o sangue das feridas
Soterradas baixo o silencio.
Só te comprendeu quen escoitou
Pondo o oído no chan
Os lamentos das túas xentes esquecidas
As inxurias e o aguillón dos opresores
Valéndose da túa debilidade
Para excluir a túa voz do seu mundo,
De modo que cantas veces obraches
En contra de ti foi sen sabelo.
A escuridade foi a túa morada
Para esconder o medo que aprendiches.
Sepultaches o idioma no profundo
Inconsciente dos tempos,

Coa sombría vergonza na superficie
Á que os teus amos lle chamaron tristeza.
Agora bebemos desa fonte todos
Porque a vida volveu a nacer dela
Espertando do sono da mentira
Á que nunca pertenciches.

CAMIÑANDO

Camiñando entre burbullas que se perden
O corazón atravesa a mentira
Para descubrir a súa verdade
Como o paraíso que un día esqueceu.
Non me importan as opinións da xente
Que como barbullas pasan
- formas perdidas na ilusión do tempo
que trae a eternidade desde dentro de nós-.
Só a natureza é fiel
E o espírito total da que xurdiu
Así levantou a tódolos pobos
Da súa noite e deulles o seu Nome
Para que crecera o seu universo
Na paisaxe sin límites da vida
Que é eternidade.
Sei que chegarei ó meu destino
Sacando de min a verdade oculta
Pola forza do amor que é a esperanza.
Tamén chegou ó destino o meu pobo
Achando na terra o sangue dos seus fillos,
Pois foi a caridade
A única palabra de Deus para os homes.

O PEREGRINO DE SANTIAGO

Déronme longo camiño
Para chegar a Santiago,
Mais fáieme pequeniño
Pola fe coa que eu o fago.

Fun deixando atrás o soño
Que non era importante.
A miña verdade poño
Igual que a túa, por diante.

Cada un ten unha senda
Que chega a súa verdade,
A de todos é a prenda

Que nos leva á eternidade.

Coma no universo todo
Acada á fin plenitude,
Cada elemento ó seu modo,
Cada cal na súa virtude,

Por pequeno que o meu paso
Sexa ante a natureza,
Non é un intento escaso,
É o inicio onde todo empeza.

Sei que alá onde vaia
Levo o amor de Deus connigo,
Él impide que non caia
E me libra do inimigo.

Foi nunha idade remota
Que un pastor viu unha estrela
Que o corpo coa luz denota
Do apóstolo en Compostela.

Tamén nesta idade miña,
Na noite deste camiño,
Un resplandor me aloumiña
Que me fai do ceo veciño.

Queira o santo e me perdoe
De tódolos meus pecados,
Non recorde o mal que doe
E mos deixe perdoados.

Pois que todo ser humano
Busca a felicidade
E Deus quixo ser cercano
E o amor foi a súa vontade.

FINISTERRE

A fin da terra é ilusión.

Máis alá hai terra en verdade.

Pero é a nosa condición
Ver o símbolo, a vontade.
Na vida, o que nós non vemos
É esencia que non se evade,
O son dun amor oculto
Semente da humanidade.

En Finisterre acabou
O imperio do tempo, a vaidade.
O César romano só puido
Deterse ante a eternidade.

RECORDO

Mentres o mundo dura, o meu corazón é o meu mestre.

A terra que me viu nacer de neno
Na que un tesouro se gardaba – a vida-,
Fíxome en mina topar o tesouro
Da alma, na que todo se reflicte.

Dos homes que vían na escuridade
A esperanza dun tempo de xustiza,
Rescatei as palabras dos primeiros
Familiares que agora son xa feitos.

Entre todos buscaban unha patria
E trazaron castros, pobos e aldeas,
Eu dentro de min tamén buscaba
A auga do amor que alimenta as cousas.

Cando os tempos cambiaron a paisaxe,
O tesouro da terra foi o viño
Que no cálice das idades pasa
De pais a fillos, e é a fidelidade.

Mentres o mundo dura, o meu corazón é o meu mestre.

O CAMIÑO

O camiño máis estreito
Que ía ata á fonte da aldea
Foi crecendo polo mundo
Coma a semente naterra.
Para atopar seu principio
Entrei na néboa
Na memoria do vento sen fronteira,
Había dous paxaros
Que saíron do silencio dunha pena,

Pois da noite dos tempos naceu unha estrela,
Liberdade de luz nun soño esperta.
Foi despois este camiño estrada
Alén dos límites e das cadeas,
Foi medrando polo mundo
Coma a semente na terra.
Foi conquistando o espacio
Na rede do mar e o aire achegando esperanzas
Ata o fogar vivido,
Ara o corazón que vela.
O camiño da vida conquistou o mundo
Coma a aurora conquista o soño,
Mais empezou na memoria
Na fonte que lembra a aldea.

O CACIQUE DIXITAL

-Meniña, ¿onde é que hai festa
Que oio estralar os foguetes?
Contáronme estes xoguetes
Dixitais que aquí hai orquesta.
¿Onde vai a xuventude?
¿Non é esta a romaría?
¿É que confundín o día?
Só hai veteráns con saúde.
- Aquí é a festa, rapaz,
aló pola medianoite.
Os concertos son de noite,
O día para solaz.
De onde son teus amigos
Que non che explicaron nada?
- Non, veño só pola estrada
e non teño outros abrigos.
Eles están traballando
Cada un no seu país.
Se ti algo non me dis
Quedareime só falando.
Non sei que lle pasa á xente
Que só mira as súas pantallas.
Cada un sega as súas pallas
Sen mirar ó que ten frente.
- É que eu non te coñezo
e ninguén nos presentou.
- Meniña, eu aquí estou,

Teño nome e enderezo.
 Non é a primeira ocasión
 Que eme dan esa resposta.
 Non está a xente disposta
 A falar de corazón.
 Non parece haber maneira
 Se o alcalde non o consinte.
 Esquece á mañá seguinte
 Quen durmiu de borracheira.
 ¿A xente xa non conversa?
 - Sí, coa xente que coñece,
 pero dun descoñecido
 quen acepta o seu cumprido?
 Tal vez non é o que parece.
 - E se á noite non se fala
 E polo día tampouco,
 ¿mais qué cacique tan louco
 Fai negocio do que cala?
 Ti dis que non me coñeces
 E falas con aparatos
 Que rexistran os teus datos
 E os difunden tantas veces.
 De cadeas invisibles
 Por satélites e fios
 Penden nosos desvaríos
 E empresas os fan vendibles.
 ¿Non é isto máis perigoso
 Que falar cun mozo novo?
 Cando a lei tallou o pobo,
 Dereitos que o fan grandioso.
 Separando á humanidade
 Uníronse os intereses
 Da codicia e outros deses
 Contra a nosa liberdade.
 - Iso que dis será certo
 pero as miñas amigas
 non fan diso boas migas.
 Sen elas vou ó deserto.
 Hoxe lévase facer
 O que antes non se facía.
 O global é a nosa guía
 Para nos desenvolver.
 - Chegamos á liberdade
 Labrando os nosos dereitos
 Mais se eles son desfeitos
 Desfarase a humanidade.
 Antes co medo tiranos
 Asoballaban ó pobo,
 Agora é doutro modo,
 É o placer o que fai danos.

A propaganda dos medios
Drogounos ata esquecer
Que non van permanecer
Na división os remedios.
Se Castelao espertase
Entre os dixitais adiantos
¿non falaría de espantos
Se a este cacique escoitase?
- Entón,¿ non está ben
A progresiva igualdade
Que trouxo esta sociedade
Que chega ó pobre tamén?
- Ata que a información
que comparte a maioría
non teña crítica guía
non haberá educación.
- ¿ E de onde sae a guía
Se cos medios vas en guerra?
- Dos valores desta terra
que nos deron a armonía.
Dos principios que aprenderon
Os labregos nesta vida,
Que son colleita cumprida
Pois os dereitos trouxeron.
Apaga os teus aparatos
E escoita o canto das fontes,
Oirás o idioma das pontes
Por enriba dos buratos.
- Vaíamos xuntos á festa.
Fagamos a festa aquí.
O presente é o noso sí.
- Vaíamos xuntos á festa.

BUSCO UNHA PALABRA

Busco unha palabra sinxela.
Unha voz que poida explicar o mundo.

O home era un neno que vía desde un soño.

Os seus pasos cambiaron a terra que pisaba
Ata facela como unha bola na súa man.

Agora quere coñecerse a sí mesmo
Cando o seu camiño foi coñecido.

Aquí e agora mirouse para adentro
E atopou nel o infinito do universo.

O MEDO E A NOITE

Antes de que o día
Soñado apareza,
A noite engrandece
As cousas pequenas
E as grandes reduce
Coa luz dunha vela.
Entonces o medo
Brotada das cadeas
Dentro de nós mesmos
Á luz das estrelas.
Sentimos que o tempo
Pode coas ideas
Porque non sabemos
Que forman a terra.
Durmidos ollamos
O paso das tebras,
Un veo de sombra
Con astros de néboa.
A noite parece
A nosa materia,
Saíu dun buraco
Da nosa cabeza.
É sempre unha historia
Que sempre regresa,
É unha membranza
Mais non é certeza.
Ó mirar afora
Non vemos a beira
Das nosas palabras
Na nosa conciencia,
Un son aprendido
Que á fala se pega.
Temos os obxectos
Que as sombras proxectan,
Ben dentro ignorados
E vivimos nelas.
Por iso a mañá
É a emoción que chega
E atopa o sitio
Que a memoria nega.
O día é o instante
Que a vida reflexa.
Nacer para adentro
Alumbrando a tebra.
Crecer para afora
Dende a intelixencia.

OS VALORES

Os valores naceron da terra nosa
En tantas xeracións que habitaron o tempo.
As súas sementes botaron raíces
E fixéronse árbores que deron sombra ó pobo.
Foron eles os que levantaron a casa
Da patria que se uniu a outras patrias,
Da terra que se uniu a outras terras,
E dos dereitos que ergueron o corpo da xente
Como animais únicos que crecen ata o ceo.
Ninguén os mercou ó poder que perece,
Pois eles fundábanse no amor que non morre,
Coma cimentacións de toda norma,
Que é comprender a unidade do mundo.
Non son nin pertencen ó paso do tempo,
Son luces que saen da eternidade
E nos marcan o camiño da nosa casa,
Ese que conduce á nosa verdade.
Os valores son a vida que está detrás das cousas
E nos fai amar para sempre a casa que nos une.

FUTURO É EQUILIBRIO

Este mundo cambiou moito
Pasou non en vano o tempo
Nunha comarca esquecida
Mil camiños foron feitos,
Ata que a ubicuidade
Dos anxos nós academos
Faranse máis cousas novas
En novos grandes proxectos,
Construiremos mundos cerca
E o distante acadaremos,
Mais a auga que descorre
Descorrerá polo rego.

Farase un gran edificio
De moitas cámaras cheo,
Unha para cada cousa,
Será a xustiza que obremos,
Pero todo gran sistema
Terá un pequeno oco aberto
Para que saia o aire fora
Para que entre o aire dentro,
Sempre a auga que descorre
Descorrerá polo rego.

Porque as estacións ben pasan
E deixan logo o seu eco
No corazón das persoas
Que viven dentro do tempo,
Ata que del se liberen
Na eternidade do ceo
Na dimensión da verdade
Será o amor o sustento,
Porque a auga que descorre
Descorrerá polo rego.

As cousas que están ben feitas
O perdón dos nosos feitos,
A tolerancia con todos
Sen marxinar ó de perto,
Deixando ós novos ser novos,
Deixando ós vellos ser vellos
E protexendo ás familias
Da cultura fundamento,
Son a auga que descorre,
E sempre vai polo rego.

